

**IES 12 DE  
OUTUBRO**



**CLUB  
DE  
LETRAS**



**O COIDADO.  
INDIXENISMO  
FEMININO.**

## INTRODUCCIÓN

Comentábamnos no proxecto do curso pasado que en moitas ocasións, os profesores impartimos a nosa materia sen colaborar, de xeito organizado, con aqueles departamentos que poden contribuír a unha mellor e máis completa comprensión por parte dos alumnos/as no ámbito das Humanidades, Artes e Ciencias Sociais. O Club de Letras naceu co espírito de mudar o xeito de relacionarnos na comunidade escolar. O grupo de profesores implicado no proxecto segue convencido de que o fomento das nosas materias fai mellores cidadáns, máis críticos e abertos ó mundo e con habilidades para xestionar os conflitos interculturais propios do mundo actual.

## CONTIDOS

Todos somos vulnerables por natureza, xa que esta característica é propia do noso ser mortal, o problema e cando a vulnerabilidade vai asociada a diminución de dereitos básicos dentro dun grupo determinado por motivos de xénero, orientación sexual, discapacidade, etnia ... Tendo en conta que o ámbito escollido para o Club de Letras é o coidado no curso 2020/2021, e nun contexto marcado por noticias globais decidimos centrar o noso foco en realidades locais vulnerables ó longo do mundo, tendo como palabras clave a desigualdade, a discriminación, a redistribución de recursos, a violencia, o valor da dignidade e o traballo reprodutivo. Buscamos potenciar o valor da comunidade, unha realidade absorbida polo individualismo da cidade e a imparabile globalización, para coñecer mellor o mundo no que vivimos. Vincularemos así o noso proxecto a unha dobre vulnerabilidade:

1- A que sofren múltiples etnias minoritarias vinculadas á exclusión por parte de grandes aparellos estatais ó longo do mundo. Buscaremos o descubrimento, coñecemento, e exposición dunhas realidades pouco coñecidas pero moi enriquecedoras a nivel cultural e humano.

Europa: Armenios e Azerís

Asia: Kurdos / Uigures / Baluches / Rohingya

América: Navajos / Inuits / Mapuches / Amahuacas / Tupís

África: Himbas / Hamar / Mursi / Daasanach / Baka

Oceania: Aborixes australianos / Maorís

2- Dentro destas etnias reflexionaremos e indagaremos sobre o papel da muller en contextos de especial dificultade. Considerando que a discriminación das mulleres por motivos de xénero en moitas ocasións está unida á relixión, ás crenzas, á saúde, nunha clara superposición de capas de discriminación.

Cada materia abordará a problemática dende diferentes puntos de vista sempre cunha perspectiva de xénero, relacionando a discriminación destes pobos coa situación límite que viven moitas das súas mulleres. En palabras de Mark Lattimer, Director Executivo do Grupo Internacional dos Dereitos das Minorías, *en tempos de guerra e en tempos de paz, as mulleres pertencentes a minorías son obxectivo de múltiples violencias porque están menos protexidas.*

O departamento de Latín e Grego fará unha introdución sobre a vulnerabilidade e o mito, explicando a indefensión de certas deusas, sometidas pola xerarquía masculina, que sufriron humillacións, raptos ou violacións (Hera, Deméter, Perséfone) e as fragilidades dalgúns dos membros do Olimpo grego (Aquiles e o seu talón); por outra banda explicará a relación do mundo grecolatino cos pobos indíxenas que conquistaron e aculturizaron. Lengua Castellana e Galega abordarán a problemática dende o punto de vista literario, coa análise de obras significativas que teñan como protagonistas a pobos indíxenas como *el Viejo que leía novelas de amor* de L. Sepúlveda, *El Vagón de las Mujeres* de Anita Nair, *Civilizaciones* de Laurent Binet ou *Palabras de Opotón o vello* de Artís Gener. Os dous últimos unhas discronías onde o mal chamado descubrimento acontece á inversa, Atahualpa desembarca en Europa e os aztecas na Galicia da Idade Media. Xeografía e Historia abordará o tema dende o punto de vista xeográfico, artístico, cultural e antropolóxico. Filosofía dende o punto de vista ético e moral, incidindo nas causas que levan a situación de indefensión das mulleres en moitos destes pobos enmarcados en sociedades do benestar ou en realidades máis complexas onde é fundamental entender o coidado como unha tarefa colectiva para o mantemento do grupo. Incidiremos en conxunto no papel de mulleres clave para o mundo indíxena como Rigoberta Menchú, lider indíxena maia e Premio Nobel da Paz, ou Rigoberta Cáceres activista indíxena lenca asasinada no 2016.

O obxectivo último ó finalizar será escribir unha carta de recoñecemento das realidades estudadas ,ás embaixadas dalgúns dos países que enmarcan as etnias a coñecer no proxecto (Canadá, Armenia ou Nova Zelanda). Enlazando así co traballado no Club de Letras do curso pasado, o xénero epistolar feminino.

## **OBXECTIVOS**

- 1-Coñecer a singularidade dos grupos étnicos a tratar, e o seu carácter non dominante.
- 2-Entender ás mulleres indíxenas como suxeitos de dereito e non simplemente como vítimas.
- 3-Subliñar e a importancia do vínculo co territorio e os recursos naturais circundantes nun mundo globalizado no que os límites territoriais parecen desaparecer.
- 4-Respetar o dereito dos pobos indíxenas ó seu territorio e recursos, a unha vida libre de racismo como condición básica para garantir o dereito das mulleres indíxenas a unha vida sen ningún tipo de discriminación e violencia.
- 5-Aprender relacionando e deducindo de xeito poliédrico. Crear no alumnado a conciencia de que os contidos das distintas materias que están aprendendo non xurdiron nin subsistiron illadamente, é un dos nosos obxectivos básicos.
- 6-Elaborar un material que poidamos utilizar en anos sucesivos, sempre aberto a novos aportes tanto en contidos coma en actividades.
- 7-Potenciar o gusto pola escrita e a comunicación reflexiva a partir da elaboración de cartas propias por parte do alumnado.